

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 30 DE DECEMBRO DE 2021

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día trinta de decembro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde, don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos e dona Mónica Varela Germade, de UxC; dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei, do PSdeG-PSOE; don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe, do PP; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites, de AV; dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común; e dona María José García Hidalgo, de C's.

Non asisten, con escusa, don Daniel Mallo Castro e dona María Dolores Pan Lesta, de UxC; e don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, do PSdeG-PSOE.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona Verónica María Otero López, secretaria accidental

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 30 de decembro de 2021, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202112301900240000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. PARTE RESOLUTIVA

1.1. Toma de coñecemento do Plan Anual de Control Financeiro para o exercicio 2022 do Concello de Cambre

Acceso á videoacta – 00:00:33 horas

Vista a proposta da Alcaldía, de data 20 de decembro de 2021, que consta do seguinte teor literal:

“Tendo en conta a previsión contemplada no artigo 219.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 13 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime do control interno nas entidades do sector público local, en canto establecen que o Pleno da entidade local poderá acordar o réxime de fiscalización e intervención limitada previa, logo do informe do órgano interventor, a proposta do presidente da entidade.

Considerando que o Pleno da Corporación aprobou en sesión extraordinaria de data 4 de novembro de 2020 o establecemento do réxime de fiscalización e intervención limitada previa, completada cun control posterior respecto dos expedientes municipais, faise necesaria a aprobación pola intervención municipal do Plan Anual de Control Financeiro para o 2022.

Visto o informe emitido polo interventor municipal con data 20 de decembro de 2021 de aprobación do Plan anual de control financeiro para o 2022, do cal se dá traslado a esta Alcaldía para que dea conta ao Pleno da corporación para o seu coñecemento.

É polo que se propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Único: Tomar coñecemento do Plan anual de control financeiro para 2022 do Concello de Cambre, aprobado polo interventor municipal.”

Vista a toma de coñecemento polos concelleiros asistentes á Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 23 de decembro de 2021.

Os dezaioito concelleiros asistentes á sesión do Pleno municipal toman coñecemento do Plan anual de control financeiro para o exercicio 2022, aprobado polo interventor municipal.

1.2. Proposta de formalización e retirada de fondos expurgados das bibliotecas municipais

Acceso á videoacta – 00:00:42 horas

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, de data 16 de decembro de 2021, que consta do seguinte teor literal:

«Visto o informe do bibliotecario-arquiveiro sobre a necesidade de retirada de fondos expurgados das Bibliotecas Municipais, que literalmente transcribo:

“O fondo bibliográfico das Bibliotecas de Cambre está suxeito a un proceso permanente e constante de renovación a fin de crear e manter unha colección actualizada. Con esta finalidade, procédese a realizar periodicamente o expurgo, descarte ou selección negativa do mesmo, en función dos seguintes factores: infrautilización dos fondos, obsolescencia dos contidos e deterioro físico dos materiais. Os principais obxectivos deste proceso de expurgo son: actualizar a colección, desbotando o material obsoleto; restaurar ou desbotar os fondos deteriorados; ampliar o espazo de almacenamento para acoller novas adquisicións; favorecer e mellorar o acceso dos usuarios; reorganizar a colección para permitir ao usuario ampliar a súa formación cultural.

Observando o extraordinario volume acadado polos fondos procedentes do expurgo, almacenados ano tras ano nos depósitos das Bibliotecas de Cambre e noutras dependencias municipais como a Casa da Cultura de Vila Concepción. Vista a necesidade urxente de acometer un novo e importante proceso de descarte nos andeis das nosas bibliotecas que permita renovar e reorganizar parte das coleccións.

Visto que os fondos que constitúen as distintas coleccións das bibliotecas, deben inscribirse no libro de rexistro dixital da Rede de Bibliotecas de Galicia, considerándose desde ese momento propiedade exclusiva do Concello de Cambre, independentemente da súa procedencia: adquisición municipal, doazón da Xunta de Galicia ou doutra institución, é polo que, unha vez determinados -conforme aos criterios de expurgo anteriormente expostos- propoñemos:

- 1.- Formalizar o expurgo realizado dos documentos que se relacionan nos listados que se xuntan.
- 2.- Destinar a totalidade do material expurgado almacenado con anterioridade para:

- A) A dotación provisional das salas de lectura da Casa da Cultura de Vila Concepción.
- B) Doazón do resto dos fondos expurgados á ONG Equus Zebra, da Coruña, para fins sociais, logo do ofrecemento de distintos lotes ás entidades asociativas do municipio.”

Por todo o anterior, propoño ao Pleno da Corporación, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Formalizar a autorización do expurgo realizado.



Segundo: Autorizar a entrega do material expurgado á ONG Equus Zebra, da Coruña, para fins sociais, logo do ofrecemento de distintos lotes ás entidades asociativas do municipio.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 23 de decembro de 2021.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os seis concelleiros presentes de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos e dona Mónica Varela Germade) e os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Patricia María Parceró Quiñoy e Diego Alcantarilla Rei). Abstéñense os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por nove votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.3. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Acceso á videoacta – 00:14:31 horas

Este punto non foi utilizado

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Declaracións institucionais

Acceso á videoacta – 00:14:33 horas

Este punto non foi utilizado

2.2. Mocións dos grupos municipais

Acceso á videoacta – 00:14:35 horas

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PP para amosar o apoio sen fisuras ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e Policías Locais e para esixir ao Goberno de España que non modifique a Lei de seguridade cidadá. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros presentes de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos e dona Mónica Varela Germade), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Patricia María Parceró Quiñoy e Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezaioito concelleiros presentes na sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

A) Moción do grupo municipal do PP para amosar o apoio sen fisuras ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e Policías Locais e para esixir ao Goberno de España que non modifique a Lei de seguridade cidadá

Rexistrada de entrada ao núm. 999/6942 o día 23 de decembro de 2021, xunto con outra moción. Consta do seguinte teor literal:

“A Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá foi aprobada durante a X lexislatura por iniciativa do Goberno do Partido Popular e cumpre cunha finalidade esencial para o conxunto dos españois: crear un marco xurídico adecuado para protexer a seguridade cidadá e garantir o libre exercicio de dereitos e liberdades.

O Goberno PSOE - Unidas Podemos acordou derogala introducindo emendas, no trámite correspondente, á proposición de lei sobre modificación da devandita Lei de seguridade cidadá que presentou o Grupo Vasco do Congreso dos Deputados.

A actual Lei de seguridade cidadá foi consecuencia dunha reforma necesaria, conveniente e oportuna que deu resposta a unha demanda de amplos sectores da sociedade e, en concreto, das Forzas e Corpos de Seguridade.

España contaba entón cunha lei do ano 1992 que tras 23 anos estaba desbordada, reinterpretada e necesitaba unha revisión por varios motivos, como as esixencias sociais que reclamaban mellor protección das liberdades, a necesidade de ofrecer unha resposta apropiada a certos actos que quedaban impunes ou a necesidade dunha mellor cobertura e seguridade para as nosas Forzas e Corpos de Seguridade. Con ela apostouse por dar maior protección ao dereito á reunión e manifestación pacífica e sancionar mellor e de forma máis proporcional.

Da mesma maneira, e isto é moi importante, a Lei 4/2015 xurdiu fundamentalmente porque tras a modificación do antigo Código penal de 1995, quedaron suprimidas as faltas, que pasaron a ser «infraccións administrativas» ou «delitos leves».

Iso significou que moitos comportamentos, que antes da reforma do Código penal estaban contempladas como faltas coa súa correspondente sanción, pasaron a selo só no ámbito administrativo.

Coa súa aprobación, de ningún xeito se restrinxiron os dereitos de reunión, manifestación e folga, nin outorgou á Policía un poder excesivo, senón que creou un marco adecuado para o traballo das Forzas e Corpos de Seguridade.

Desde a súa aprobación a Lei de seguridade cidadá revelouose como un dos instrumentos fundamentais cos que contan as nosas FCSE para facer fronte á ameaza terrorista, polo que a súa derogación ou modificación substancial dará osíxeno a esa ameaza, o que nos fará máis débiles fronte ao terror.

A súa aplicación non xerou as graves consecuencias pronosticadas entón polos seus detractores, ningunha desas negras predicións se cumpriu, ao contrario, demostrouse como unha boa lei.

A aplicación da lei foi fundamental para a posta en marcha de medidas de control para evitar a extensión da pandemia do Covid e, de feito, foi utilizada de forma habitual polo actual Goberno. Os ataques a esta lei estiveron baseados en criterios puramente de desgaste político, con argumentos de manual partidista.

A Lei de seguridade cidadá é plenamente constitucional e así o confirmou a sentenza do 19 de novembro de 2020 do Tribunal Constitucional, que rexeitou con contundencia os argumentos xurídicos que entón expuxo a oposición.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Cambre presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

O Concello de Cambre, en representación do pobo de Cambre, manifesta o seu apoio sen fisuras ao labor das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, e por iso insta o Goberno da Comunidade de Autónoma de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

Primeiro: Defender o mantemento da súa dignidade, intimidade e o principio de autoridade que a actual lexislación lles asegura, e que as FCSE dispoñan dos medios materiais adecuados para o desempeño do seu labor.

Segundo: Solicitar a retirada de calquera iniciativa de modificación a Lei de seguridade cidadá nos termos anunciados.”

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe). Votan en contra os seis concelleiros presentes de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos e dona Mónica Varela Germade), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Patricia María Parceró Quiñoy e Diego Alcantarilla Rei), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por quince votos en contra, rexeitou a moción presentada polo grupo municipal do PP para amosar o apoio sen fisuras ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e Polícías Locais e para esixir ao Goberno de España que non modifique a Lei de seguridade cidadá.

Acceso á videoacta – 00:25:09 horas

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PP para condenar a campaña de acoso contra un menor e a súa familia por querer estudar en castelán e solicitar a todas as institucións que garantan a seguridade e o interese superior do menor. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros presentes de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos e dona Mónica Varela Germade), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Patricia María Parceró Quiñoy e Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezaioito concelleiros presentes na sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

B) Moción do grupo municipal do PP para condenar a campaña de acoso contra un menor e a súa familia por querer estudar en castelán e solicitar a todas as institucións que garantan a seguridade e o interese superior do menor

Rexistrada de entrada ao núm. 999/6942 o día 23 de decembro de 2021, xunto con outra moción. Consta do seguinte teor literal:

«O Tribunal Supremo (TS) avalou en varias ocasións (a última o pasado mes de novembro) a obrigaón dos centros educativos cataláns de impartir un 25% do horario escolar en castelán.

Esta porcentaxe foi fixada polos xuíces do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña (TSXC), tras un recurso presentado pola Avogacía do Estado en 2015 en nome do Ministerio de Educación, Cultura e Deportes, ao entender que é o *“mínimo por baixo do cal non se pode entender que o uso vehicular da lingua alcanza a condición de normal dentro do sistema”*.

Unhas resolucións xudiciais que non fan máis que aplicar o establecido pola Constitución e as leis xa que, como fixa a nosa Carta Magna, *“o castelán é a lingua española oficial do Estado e todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito para usala”* (Art. 3.1 CE).

Con base nas leis e exercendo os seus dereitos como españois que viven en Cataluña, algunhas familias tamén reclamaron que os seus fillos reciban educación en castelán.



Unha destas familias logrou que o TSXC recoñeza os seus dereitos e obrigue á escola pública de educación infantil e primaria de Canet de Mar, á que acode o seu fillo de 5 anos, a cumprir a lei e as resolucións dos tribunais, é dicir, a impartir o 25% do horario lectivo na lingua oficial da nosa nación.

Ante esta resolución, diversas familias do centro alentadas por entidades radicais separatistas e polo propio Goberno da Generalitat que considerou como ataque moi grave (declaracións do presidente da Generalitat o 23/11/2021) a sentenza tanto do TSXC como do Supremo comezaron unha campaña de acoso contra o menor e a súa familia.

Campaña que inclúe ameazas, difusión de datos persoais da familia e unha sinalización pública e constante da familia, acompañado do baleiro e a sinalización ao menor durante as clases. Unha especie de "apartheid" moderno que vai en contra dos máis fundamentais dereitos humanos e do neno e que non debe ser consentido por ningún cidadán nin por ningunha institución pública nunha democracia como a española.

Por todo iso, propónse ao Pleno do Concello de Cambre, que aprobe a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

O Pleno do Concello de Cambre:

Primeiro: Eleva a súa máis enérxica condena e rexeitamento á campaña de acoso e ameazas dirixidas contra un menor de 5 anos e a súa familia en Canet de Mar.

Segundo: Manifesta o seu apoio, solidariedade e proximidade co menor e a súa familia e instan a todas as institucións públicas a velar e garantir a integridade e o interese superior do menor que debe primar e guiar calquera actuación pública en defensa dos seus dereitos conforme coa Declaración internacional dos dereitos da infancia.»

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo). Votan en contra os seis concelleiros presentes de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos e dona Mónica Varela Germade), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguineto Álvarez, dona Patricia María Parceró Quiñoy e Diego Alcantarilla Rei), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López). E abstéñense os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites).

O Pleno municipal, por doce votos en contra, rexeitou a moción presentada polo grupo municipal do PP para condenar a campaña de acoso contra un menor e a súa familia por querer estudar en castelán e solicitar a todas as institucións que garantan a seguridade e o interese superior do menor.

3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

3.1. Informes do equipo de goberno

Acceso á videoacta – 00:34:59 horas

De orde do Sr. presidente, a secretaria accidental dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 2245/2021, do 14 de decembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica da área de Cultura, Deportes e Xuventude efectuada a prol do quinto tenente de alcalde, don Daniel Mallo Castro, do día 27 de decembro de 2021 ao 1 de xaneiro de 2022, ambos incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 2268/2021, do 16 de decembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos efectuada a prol da sexta tenente de alcalde, dona María Dolores Pan Lesta, do día 3 ao 10 de xaneiro de 2022, ambos incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 2293/2021, do 17 de decembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dende o día 24 de decembro de 2021 ao 7 de xaneiro de 2022, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución 1323/2019, do 1 de xullo.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 2338/2021, do 21 de decembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica da área de Benestar Social efectuada a prol da segunda tenente de alcalde, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dende o día 27 ao día 29 de decembro de 2021 (ambos incluídos) e do 3 ao 7 de xaneiro de 2022 (ambos incluídos), a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 2340/2021, do 21 de decembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica da área de Desenvolvemento Socioeconómico efectuada a prol do sétimo tenente de alcalde, don Diego Alcantarilla Rei, do día 3 ao 10 de xaneiro de 2022, ambos incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 2387/2021, do 29 de decembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Durante a ausencia de dona María del Carmen Pan Matos, os días 7 e 10 de xaneiro de 2022, o estudo, impulso, dirección e inspección das políticas sobre as que ostenta delegación especial serán exercidos por esta Alcaldía, quen ostenta a delegación xenérica da Área de Presidencia, na cal se atopan incluídos os proxectos, medidas e servizos desenvolvidos na delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, isto tendo en conta o disposto na Resolución da Alcaldía núm. 1323/2019, do 1 de xullo.

Transcorrido o citado prazo de ausencia, dona María del Carmen Pan Matos continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

3.2. Rogos

Acceso á videoacta – 00:38:23 horas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/6993 o día 27 de decembro de 2021, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - Acceso á videoacta – 00:38:32 horas

Lee o rogo dona Marta María Vázquez Golpe.

Son xeneralizadas as queixas veciñais sobre a deficiente iluminación de Nadal que amosan as nosas rúas e lugares públicos. Dun simple paseo pola nosa comarca advírtese como as nosas son as máis tristes e escasas, con fallos constantes na súa activación que constatan que a calidade do instalado é máis propia de desfeitos e sobrantes que de material coa calidade mínima para instalar nas nosas rúas.

De aí que, tras as explicacións dadas nas pasadas comisións informativas, polo Grupo Municipal Popular se interesa que pola concelleira competente se requira da empresa adxudicataria o pago das indemnizacións procedentes pola defectuosa subministración e mantemento do material colocado nas nosas rúas.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 00:46:40 horas

Lee o rogo dona María Jesús González Roel.

Unha vez máis, pese ao compromiso adquirido pola concelleira competente en sucesivos plenos e comisións informativas de resolver o problema reiteradamente advertido por este Grupo Municipal Popular da acumulación de materiais de obra, cartonaxe, vidros e materiais varios nos contedores de lixo existentes no cambio de sentido á altura do santuario de Altamira, o certo e verdade é que este segue amosando o lamentable estado que amosan as fotografías que se achegan, obtidas hoxe mesmo, luns 27 de decembro.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se reitera unha vez máis que polo Goberno local de Cambre se adopten as medidas necesarias para que se resolva á maior brevidade posible o problema advertido e con iso se cumpran os compromisos adquiridos por este.

Dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, contesta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 00:48:33 horas

Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

Veciños do lugar de Aián puxeron en coñecemento do Concello de Cambre a entidade e realización ao longo do ano 2021 dunha serie de obras nun terreo particular, consistentes, entre outras, en movementos de terra que alteraron as alturas do terreo orixinario, a eliminación dunha fonte e un lavadoiro e a canalización a través de entubamento, da canle existente en superficie tras as obras levadas a cabo polo Ministerio de Fomento na N-550.

En especial, os veciños poñían en coñecemento do concello o perigo que supoñía variar a canle natural das augas, co evidente risco de inundacións e posible rotura de muros. O pasado 13 de setembro, como consecuencia da tromba de auga que descargou na nosa comarca, produciuse a inundación dos terreos lindeiros, tal e como os veciños de Aián tiñan advertido ao propio Concello de Cambre. Perigo que segue subsistindo a día de hoxe, ao non terse resolto o problema advertido polos veciños.

Tendo comparecido este Grupo Municipal Popular o pasado 1 de outubro nos expedientes abertos con tal motivo, por esixírllelo así a Concellería de Urbanismo (contravindo o establecido na normativa aplicable á información debida aos concelleiros electos), e reiterada por escrito rexistrado o pasado 3 de decembro a solicitude de máis información do actuado ao respecto nos últimos meses, o certo e verdade é que nin temos recibido a información solicitada o pasado 3 de decembro nin, segundo refiren os veciños, se teñen realizado actuacións que resolvan os problemas de nova inundación advertidos.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se reitera do concelleiro de Urbanismo que se adopten á maior brevidade posible as medidas necesarias para evitar as inundacións no mencionado lugar de Aián, con reposición da legalidade preexistente, e se cumpra o requirido no noso escrito do pasado 3 de decembro, con traslado a este grupo municipal do actuado en todo o procedemento aberto no noso concello como consecuencia de tales obras.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta o rogo.

Rogos de AV presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/6991 o día 27 de decembro de 2021, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:00:46 horas

Lee o rogo don Raúl Varela Fraguío.

O paso de peóns diante da gasoleira Valcarce na estrada Cambre-Temple presenta o debuxo moi desgastado, ademais de non contar con iluminación, resultando moi perigoso, principalmente polas noites, e máis se son chuviosas pola pouca visibilidade. Rogamos se tomen as medidas pertinentes para mellorar a seguridade neste punto tan transitado.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:01:35 horas

Lee o rogo don Raúl Varela Fraguío.

No aparcadoiro que hai na parte de atrás da rúa Feijóo, ao que se accede a través da intersección entre a rúa Ramón Cabanillas e Emilia Pardo Bazán, hai unhas escaleiras que presentan un estado de deterioración que pode resultar perigoso para viandantes, xa que están accesibles a calquera persoa.

Rogamos se tomen as medidas pertinentes para dar solución a este punto.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta o rogo.

3º rogo (presentado oralmente) - Acceso á videoacta – 01:02:55 horas

Don Raúl Varela Fraguío expón que, en relación cunha parcela que hai, e que se non se equivoca é de titularidade municipal, detrás do centro de saúde do Temple, na rúa Estanque de Abaixo, coméntanlles os veciños se habería opción para que se puidera habilitar esa zona como aparcadoiro, igual que se habilitou ao lado da Casa da Cultura e ao carón do Portofaro, e se puidera ser que fora tamén doutro material distinto ao que se utilizou nesas últimas actuacións, porque lles chegaron bastantes queixas sobre que está sendo unha lameira, e tampouco sabe se teñen pensado corrixir iso.

O rogo será contestado por escrito.

Rogos de EU-Son en Común presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/6994 o día 27 de decembro de 2021, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:04:18 horas

Lee o rogo dona María Olga Santos López.

Cando un goberno utiliza recursos públicos para beneficio privado, esta acción supón utilizar fraudulentamente recursos de todas as veciñas e veciños sen necesidade de ter que totalos. As manobras que conseguen manipular e utilizar os medios de comunicación institucionais para sacar un rédito político partidista deberían estar contempladas como causas punibles incluso nos niveis mais pequenos que puidesen darse.

Dentro dos códigos de boas prácticas, estendidos por moitos concellos de todo o territorio nacional, queda claro que se un alcalde anuncia calquera acción baixo o lema do partido e non do concello, está actuando como candidato e non como alcalde. Se isto se fai co capital propio do partido ou do propio alcalde non ten nada que alegarse, se isto o fai usando os mesmos medios que sufragan as arcas públicas, é cualificada como mala praxe, tanto é así que se iso se produce en período de campaña electoral é susceptible de sanción.

Actualmente moitas publicacións en redes sociais teñen finalidade electoralista, supoñen a utilización dunha obra ou mellora, proxecto ou iniciativa formalizada e executada polo Concello de Cambre que encubre unha campaña encuberta na que o mérito desa actuación adxudícaselle ao partido do alcalde, con silencio displicente do outro partido no goberno, o PSOE, que lonxe de denunciálo parece conformarse coa súa presenza na coalición e asumir este tipo de prácticas, a todas luces contrarias do que podería ser algún dos códigos éticos que historicamente teñen asinado.

Somos coñecedores de que dende o bipartito UXC+PSOE levan dous anos e queda outro máis anunciando todas as actuacións que van realizar xusto ao final da lexislatura tendo ao concello paralizado e abandonado en tanto chegan as eleccións, pero de aí a utilizar os fondos públicos para que todas as veciñas e veciños lles paguen a campaña anticipada, hai unha gran diferenza. Frear o crecemento do concello ata que se aproximen as eleccións é propio de gobernos sen capacidade para enfrontarse limpamente a unas eleccións, pero usar fondos públicos para que a publicidade institucional se converta en publicidade de UXC é propio de quen non ten medo a asumir a posible multa, a cambio do beneficio que presumiblemente lle achegue o uso obsceno de fondos públicos para dar pulo á imaxe do propio alcalde ou dalgún dos "seus" concelleiros.

PREGAMOS: Sexa iniciado un expediente de instauración dun Código de Boas Prácticas na publicidade institucional do Concello de Cambre, que teña como obxecto a erradicación de calquera tipo de adxudicación discrecional e opaca de fondos públicos en materia de publicidade institucional, que regule as diferenzas inobservadas actualmente no Concello de Cambre entre publicidade institucional e propaganda electoral, garanta a pluralidade na contratación de espazos publicitarios, limite o uso da publicidade con fines partidistas,

tal e como actualmente sucede, faga mais aberta e accesible a información municipal e estableza criterios mais transparentes para a publicidade institucional.

O rogo será contestado por escrito.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:08:19 horas

Lee o rogo dona María Olga Santos López.

Vimos de recibir un incremento de queixas relativas aos problemas de ruídos, afluencia nalgúns locais de hostalería nocturna da rúa Tapia. As ditas queixas, maioritariamente relatán a concentración de clientela diante dos locais, con impedimento de acceso aos portais, persoas sen máscara e ruído na propia rúa. Somos coñecedores de que dende a propia Policía Local e mesmo tamén unha patrulla da Garda Civil, nalgunha noite destas datas de Nadal tiveron que acudir ante o chamado dalgúns veciños e veciñas. Tamén somos coñecedores de que dende o Goberno Local existe constancia destas situacións.

PREGAMOS: Sexa incrementada a presenza policial durante as fins de semana e as datas festivas na que a concentración de persoas nas portas ou terrazas dos ditos locais, provoca incomodidade, ruídos e inseguridade á veciñanza e o control do uso das medidas de distancia e protección de obrigado cumprimento consecuencia da normativa Covid.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 01:12:21 horas

Lee o rogo dona María Olga Santos López.

A carencia de vivenda social, ben sexa para a súa compra como no relativo aos alugueiros sociais, é unha das maiores preocupacións da nosa formación dende hai xa moitos anos, algo que levamos trasladado ao Goberno municipal a través de múltiples canles de comunicación.

A día de hoxe, a vivenda social comprometida polo actual Goberno, non existe en Cambre. Que non exista solución habitacional para as familias que o requiran, ou para aquelas que son solicitantes dela, non fai que a súa necesidade desapareza.

Tanto é así que, no rexistro de demandantes de vivenda protexida, Cambre ocupa o 2º lugar dos concellos da Coruña de tamaño medio só superados por Narón. No noso concello actualmente temos 174 familias que seguen inscritas no rexistro de demandantes de emprego.

PREGAMOS: Sexa convocada unha comisión especial municipal sobre a dotación de vivenda protexida en Cambre co obxecto de clarificar en que situación se atopa actualmente o Concello de Cambre, relativa á reserva de vivenda de protección nas novas construcións así como o estado de execución e previsión da vivenda social e solucións habitacionais comprometidas.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta o rogo.

Rogos de C's presentados oralmente

Faise constar que, finalizada a sesión, dona María José García Hidalgo, concelleira de C's, fai entrega á secretaria accidental dunha copia por escrito dos rogos que se transcriben a continuación, xunto con copia da

ficha catastral das parcelas lindeiras coa parcela á que se fai referencia no primeiro rogo e copia do anteproxecto de reforma e ampliación do edificio comercial da estación de servizo.

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:34:27 horas

Lee o rogo dona María José García Hidalgo.

No pasado pleno ordinario de novembro preguntamos se existían informes ambientais e xurídicos que permitiran autorizar as obras de ampliación, reforma e uso dunha determinada instalación en Cecebre. Vostedes limitáronse a recalcar que “a licenza contaba don todos os informes necesarios”, non vou falar dos modais do alcalde cando o dixo.

Ben, pois revisado de novo o expediente e tendo en conta que o Plan básico autonómico regula as afeccións ao planeamento e Cambre se atopa baixo a afección do aeroporto, non atopei, corríxanme se me equivoco, ningunha autorización de AESA, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

Así como tampouco atopei no expediente ningunha autorización de Augas de Galicia, nin ningún requirimento ao interesado para que a fosa séptica sexa estanca, porque ao non ser estanca necesitaríase unha autorización de vertido, a cal tampouco encontrei e, como vostedes saben, ten que dala Augas de Galicia.

Polo tanto, dende C's rogamos:

A realización dun informe que clarifique cales son os motivos polos que este Goberno non considera necesarias as autorizacións de AESA, Aeroportos, nin de Augas de Galicia, para a dita licenza xa outorgada.

O rogo será contestado por escrito.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:38:08 horas

Lee o rogo dona María José García Hidalgo.

Seguindo con estas obras de ampliación, reforma e uso, tamén preguntamos no pleno anterior se debido a esas obra o concello esixira a correspondente cesión da fronte para dotar de beirarrúas ao apeadeiro de Cecebre, e respondéusenos que non.

Revisado de novo o expediente, compróbase que vostedes reciben o 6 de abril deste ano documentación onde se lles informa que existen obras ilegais, polo que de terse iniciado un expediente de disciplina urbanística para realizar as obras que o Sr. Leirós autorizou, poderíase ter esixido o retranqueo a lindeiro dos 5 metros que marca a lei, porque aínda que eu non entendo moito disto, voulles achegar un plano sinxelo onde tal parece que está a lindeiros.

Polo tanto rogamos:

A realización dun informe polo Sr. Leirós, concelleiro da Área de Urbanismo, onde se constate se a parcela está a lindeiros ou non e o motivo polo que este Goberno non lles esixiu aos interesados o retranqueo a lindeiro.

O rogo será contestado por escrito.

3º rogo - Acceso á videoacta – 01:40:10 horas

Lee o rogo dona María José García Hidalgo.

Cónstanos que ao Sr. alcalde foille requirida por rexistro información sobre expedientes e certificacións en relación coa nova Casa da Cultura, por un técnico cualificado para poder contrastar criterios técnicos dos que o solicitante discrepa.

Dada a situación incomprensible e alongada no tempo do estado exterior do inmovible sen que se teña urbanizado e sen explicacións aclaratorias por parte deste Goberno, rogamos:

Se nos manteña informados a toda a oposición da resposta á dita solicitude formulada hai máis dun ano e reclamada de novo antonte día 28 por rexistro neste concello dirixido ao Sr. García Patiño, así como tamén de calquera asunto relacionado coa unidade de execución onde se atopa a Casa da Cultura.

O rogo será contestado por escrito.

3.3. Preguntas

Acceso á videoacta – 01:41:25 horas

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/6993 o día 27 de decembro de 2021, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:41:32 horas

Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Coa aprobación polo Pleno de Cambre, o pasado mes de xuño, das bases e a convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso escolar 2021/2022, os alumnos matriculados exclusivamente en centros escolares públicos que cumprisen o resto de requisitos recollidos nas devandita bases, puideron acceder ás bolsas de estudo para a adquisición de material escolar, libros de texto, uniformes ou roupa destinada á escolarización (cunha atribución orzamentaria de 18.000€), así como material informático (que contaba cun orzamento de 6.000€ máis).

Transcorridos máis de seis meses desde a dita aprobación sen ter coñecemento do resultado da devandita convocatoria, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro delegado de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade sobre o resultado desa convocatoria, no que se comprenda o número de solicitudes presentadas, número de admitidas e número das denegadas (con expresión neste último caso das causa de denegación); incremento de solicitudes respecto das convocatorias de anos anteriores, así como existencia de partida sobrance á vista do resultado de convocatorias precedentes.

A pregunta será contestada por escrito.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:42:40 horas

Lee a pregunta dona Marta María Vázquez Golpe.

Precarias son as campañas que desde as distintas concellerías do Concello de Cambre, fundamentalmente a de Desenvolvemento Socioeconómico, están a facerse para incentivar aos veciños de Cambre a realizar as nosas compras nos comercios de proximidade. Entre elas atópase o XIII Concurso de Escaparates de Nadal convocado recentemente polo noso concello.

Unha vez publicada a lista de establecementos participantes, obsérvase que nesta edición só se adheriron 34 establecementos, concentrados todos eles en tan só 3 parroquias: O Temple (con 27 establecementos rexistrados), Cambre (con 5) e Sigrás (con 2). Participación que demostra a caída de interese por este programa, xa que do máis de medio centenar de establecementos rexistrados no ano 2019, o preto de medio centenar de 2020, pasouse este ano á participación de tan só 34 establecementos.

Por iso é polo que desde o Grupo Municipal Popular se pregunta ao concelleiro delegado de Desenvolvemento Socioeconómico, sobre a viabilidade e mantemento dun concurso que vén demostrando ano tras ano o desinterese xeneralizado dos establecementos comerciais do noso concello; e de ser afirmativa a percepción de viabilidade e mantemento, cales son as medidas que pretende adoptar para incrementar o seu interese entre os comerciantes do noso municipio en futuras edicións.

Don Diego Alcantarilla Rei, concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:46:12 horas

Lee a pregunta dona María Jesús González Roel.

Á vista da pobre programación e escasos proxectos levados a cabo polo noso concello con ocasión da celebración do Ano Santo Compostelán 2021 e ante a excepcional prolongación deste para o próximo ano 2022, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro competente polos actos programados e proxectos previstos desde o Concello de Cambre para levar a cabo no ano 2022 con ocasión da prórroga do Ano Santo Xacobeo, que vai empezar co noso concello fóra do programa “Acende o Xacobeo”, no que se atopan concellos veciños como os da Coruña, Culleredo, Betanzos ou Pontedeume.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, contesta a pregunta.

Preguntas de AV presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/6991 o día 27 de decembro de 2021, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:47:55 horas

Lee a pregunta dona Sandra Sánchez Vieites.

En que fase se atopa a ampliación do complexo deportivo da Barcala?

A pregunta será contestada por escrito.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:48:06 horas

Lee a pregunta dona Sandra Sánchez Vieites.

Dende Alternativa dos Veciños preguntamos varias veces polo estado no que se atopan as nosas fontes e lavadoiros, e a resposta sempre é que se está a traballar nun prego. Motivo para preguntar novamente en que estado se atopa a dita contratación.



Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:49:10 horas

Lee a pregunta dona Sandra Sánchez Vieites.

Cal é o motivo para non traer ao pleno os novos estatutos da Mancomunidade As Mariñas?

O señor alcalde contesta a pregunta.

Preguntas de EU-Son en Común presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/6994 o día 27 de decembro de 2021, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:50:28 horas

Lee a pregunta dona María Olga Santos López.

Cantas e cales son as propostas finalistas de todas as edicións anteriores do programa Decidámolo Xuntos que a día de hoxe están pendentes de execución, con especificación do ano ao que pertencen e data de previsión da súa execución?

Sirvan como exemplos ilustrativos a esta pregunta a proposta gañadora do ano pasado denominada "eliminación da piscina no Temple e creación dun teatro para actuacións" ou tamén a proposta denominada "Dotar ao Temple dun espazo de lecer de maiores dimensións con espazo para a celebración de eventos e festas".

A pregunta será contestada por escrito.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:51:15 horas

Lee a pregunta dona María Olga Santos López.

Cantas e cales son as propostas finalistas do programa Decidámolo Xuntos 2021, a incluír nos orzamentos do 2022, que coinciden con propostas xa finalistas en períodos anteriores e comprometidas para os orzamentos de exercicios anteriores?

Sirva como exemplo os aparcadoiros de bicicletas proposta finalista en programas anteriores e sirva como engadido a resposta replicada a varios propoñentes, enviada dende o propio mail de Alcaldía e que transcribo na súa literalidade...

"En canto á súa proposta debo comentarlle que se incluíu no bloque de propostas "En desenvolvemento ou a curto prazo ou previsto nos orzamentos" polo que a súa demanda verase executada no XXXXXX." (2018, 2019, 2020...)

A pregunta será contestada por escrito.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:52:07 horas

Lee a pregunta dona María Olga Santos López.

Cal é razón técnica ou política pola que o concello renuncia a edificabilidade da parcela de equipamento na modificación puntual da N-VI en lugar de modificar a súa localización?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta a pregunta.

Preguntas de C's presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/6984 o día 27 de decembro de 2021.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:52:41 horas

Lee a pregunta dona María José García Hidalgo.

Cantos expedientes de disciplina urbanística se atopan a día de hoxe sen resolver dos anos 2017, 2018, 2019, 2022 e 2021, separando as cifras por anos?

A pregunta será contestada por escrito.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:53:57 horas

Lee a pregunta dona María José García Hidalgo.

Cantos van caducar sen que se vaia finalizar o trámite?

A pregunta será contestada por escrito.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:54:08 horas

Lee a pregunta dona María José García Hidalgo.

Cantos expedientes se remitiron á Axencia para a Legalidade Urbanística?

A pregunta será contestada por escrito.

Preguntas do BNG presentadas oralmente

1ª-2ª e 3ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:54:36 horas

Don Brais Cubeiro Fernández expón que “Disfruta Cambre” é o escaparate comercial co que o concello busca impulsar a campaña comercial de Nadal. Con esa aplicación as persoas participantes poderán non só consultar os establecementos adheridos á iniciativa municipal, senón tamén escanear, activar, desactivar e empregar un bono.

Ben, pois son numerosas as queixas recibidas, xa que moitos dos negocios que aparecen na aplicación, logo cando se vai alí, din que non están adheridos a tal campaña e que non se pode facer uso dos bonos nos seus establecementos.

Polo tanto preguntamos:

1. Por que saen uns establecementos na aplicación que non están adheridos a tal campaña?
2. Que pensan facer para solucionar esa problemática?



3. Debido aos problemas para darse de alta na app, van solucionar os ditos problemas antes de que remate a campaña?

As preguntas serán contestadas por escrito.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e cincuenta e seis minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López